



Fundación Biodiversidade Gestión de la biodiversidad Española 2022

Convocatoria de concesión de axudas para apoio a programas e proxectos de investigación en materia de xestión da biodiversidade, no eido do *Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*.

▪ **Información da convocatoria:**

<https://fundacion-biodiversidad.es/es/content/convocatoria-de-subsenciones-para-apoyo-programas-y-proyectos-de-investigacion-en-materia-de>

▪ **Resumo:**

- **Prazo Presentación Solicitudes:** 13 de outubro de 2022
- **Duración:** O proxecto deberá dar comezo a partir da resolución da convocatoria e non poderá finalizar máis tarde do 31 de decembro de 2025, prórrogas incluídas.
- **Porcentaxe de financiamento:** máximo 95% do total do orzamento do proxecto presentado.
- **Cofinanciamento:** mínimo un 5% do total do orzamento do proxecto. Obrigatoriamente debe ser dineraria, e dicir, as contribucións en especie non computan para o cofinanciamento.
- **Importe máximo financiamento:** O importe máximo que se pode conceder por cada solicitude de axuda non pode ser superior a 300.000 euros.
- **Nº de propostas admisibles por entidade:** 1 por liña prioritaria de investigación.
- **No caso de participar unha agrupación:** é necesario presentar o acordo asinado xunto coa solicitude. Todas as entidades da agrupación serán responsables solidariamente respecto do conxunto de actividades subvencionadas a desenvolver pola agrupación, incluíndo a obrigaón de xustificar, o deber de reintegro, e as responsabilidades por infraccións.

Perante a limitación no número máximo de propostas por entidade, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación, precisa ter información detallada das posibles propostas nas que haxa participación da USC co fin de proceder, a unha axeitada selección da iniciativa a presentar pola USC. **Para tal fin, será necesario valorar as posibles propostas segundo criterios como:**

1. Experiencia previa en participación noutros proxectos no mesmo campo.
2. Número de grupos de investigación da USC participantes na mesma candidatura e orzamento da mesma.
3. Alcance dos obxectivos da proposta.
4. Relevancia das actuacións previstas para atinxir os obxectivos propostos.

A este efectos, e co fin de axilizar a selección da proposta a presentar pola USC, pregamos que aqueles investigadores que teñan previsto ou estean interesados en participar nesta convocatoria que remitan a súa idea de proxecto segundo o modelo de

proposta dispoñible na ligazón seguinte **ata o 26 de setembro de 2022** ao seguinte enderezo: investigacion@usc.es

Modelo de proposta interna: http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/5611_gl.doc

Para calquera consulta adicional relativa á convocatoria dirixirse a Manuel Boquete (recursoshumanos.investigacion@usc.es).

Para calquera consulta adicional relativa ao acordo de consorcio no caso de participar como agrupación dirixirse Eva Fabeiro, M^a Dolores Vega ou Ramón Mazoy (investigacion.colaborativa@usc.es)

Vicerreitoría de Política Científica